

CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA



ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º TRIMESTRE CURSO 2019-2020

Materia:

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- **Educación Física _ 6º EP.**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	-EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.	-EFB6.2.1. Expón as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: - Procesos de observación nas tarefas entregadas en forma de montaxes visuais (vídeos, fotos ou montaxes). -Valoración da calidade e puntualidade na entrega dos traballos.
	Instrumentos: A entrega dos distintos traballos para a súa posterior avaliación realízase por vía telemática: - EDIXGAL. - Correo electrónico. - Aplicación Tokapp School.
Cualificación final	A nota da avaliación final ou ordinaria obterase da seguinte maneira: - Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. - Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán. O máximo que poderán sumar será dun 20% sobre as outras dúas avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede
Avaliación de materia pendentes	Non hai casos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>-As actividades realizadas durante o 3º trimestre centraranse no repaso e no reforzo de criterios e estándares de aprendizaxe relacionados cos 5 primeiros bloques de contidos, os cales foron traballados na súa ampla totalidade durante o 1º e 2º trimestre.</p> <p>-Do bloque 6, de xogos e actividades deportivas, só se valorarán os criterios e estándares indicados no 1º apartado, xa que o resto están supeditados ao uso dunha instalación deportiva específica. Estes criterios e estándares son considerados de ampliación.</p> <p>-As actividades serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Execución de coreografías individuais e grupais. - Realización de circuitos de coordinación/axilidade. - Practica de distintos xogos individuais e grupais con materiais alternativos ou de refugallo. - Realización de distintos retos motrices de superación persoal.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	-A metodoloxía utilizada foi a entrega de vídeos ou mensaxes explicativas das tarefas a realizar, utilizando fundamentalmente a plataforma EDIXGAL. Para a recepción das tarefas realizadas a metodoloxía foi a mesma, pero á inversa.
Materiais e recursos	<p>-Os materiais e recursos utilizados para o desenvolvemento de tódalas actividades serán fundamentalmente domésticos, xa que a situación actual limita moito a dispoñibilidade de material específico da área.</p> <p>-O alumnado deste curso dispón dun ordenador portátil de uso persoal, para poder recibir e enviar a súas tarefas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Os recursos telemáticos para comunicarse co alumnado e as familias serán os seguintes: -EDIXGAL. -Web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/ (subpáxina Proxecto Deportivo do Centro). -Correo electrónico. -Aplicación Tokapp School. -Vía telefónica.
Publicidade	-Web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/